

REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA E A XERENCIA

Acta do 09 de xaneiro do 2012

Asisten:

Xerente da UDC: Grela Barreiro, María Jesús
Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)
Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)
Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)
Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)
Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)
Otero Canabal, Jorge (CCOO)
Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Non asisten:

Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)
Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT)
Rodríguez Barba, Ana María (CUT)
Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)
López Domínguez, Javier (CCOO)
Pena Pérez, Enrique José (CIG)
Cordal Fustes, Jorge (CIG)
Romero Beade, Manuel (USO)
Rey Souto, María Teresa (UGT)

Orde do día:

- Punto 1. Convocatoria de técnicos especialistas de laboratorio
- Punto 2. Reorganización do servizo de informática.
- Punto 3. Información relativa ao SXAI.
- Punto 4. Xubilación dos traballadores procedentes da integración do INEF – Facultade de Ciencias do Deporte e Educación Física.
- Punto 5. Seguridade no edificio Xoana Capdevielle

Comezo da reunión ás 12:00.

O presidente do Comité de Empresa comenta a Xerente que a convocatoria de Arquitecto e Arquitecto Técnico non se aclara na convocatoria que titulación específica é necesaria. A Xerente comunica que se ten que sacar unha corrección a convocatoria.

O presidente do Comité de Empresa comenta a Xerente que a convocatoria de Técnico Superior de ORI non explicita a necesidade de coñecemento de idiomas, propónse o mesmo procedemento que na convocatoria de técnico de grado medio. A Xerente aclara que se modificará esta circunstancia xunto con algunha parte do temario que se comprobou que era obsoleta.

O presidente do Comité de Empresa solicita que as novas convocatorias de prazas se remitan á Oferta de Emprego Público en lugar de á Relación de Postos de Traballo. Está de acordo.

Félix Ledo lle consulta a Xerente que cursos de especialización. Acordase que os cursos de especialización se penalizará, se pasará lista dos asistentes e os solicitantes teñen que estar inscritos na convocatoria.

Punto 1. Acordase de solicitar a Xerencia que modifique o texto da convocatoria onde di:

A antigüidade, ata un máximo de 30 puntos, valorarase a razón de 0,625 puntos por mes na categoría de técnico especialista de laboratorio e especialista de laboratorio, grupos 3 e 4 na UDC e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións.

que diga:

A antigüidade, ata un máximo de 30 puntos, valorarase a razón de 0,625 puntos por mes na categoría de Técnico Especialista de Laboratorio, grupo III e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións.

Aos efectos de esta convocatoria equiparase o tempo traballado na categoría, a extinguir, de Especialista de Laboratorio PAS Laboral na UDC coa de Técnico Especialista de Laboratorio Grupo III.

Acordase este cambio.

Punto 2. Instase á Xerencia que informe as persoas afectadas pola nova reorganización no servizo de informática. A Xerente aclara que a organización do traballo o ten que facer o Xerente que se incorpore, que lle transmitirá o acordado co Comité de Empresa pero que considera que nin ela nin o actual Adxunto á Vicerreitoría deben ser quen o realicen. A distribución ten como obxectivo único a establecer a ubicación dos traballadores/as que se incorporen despois das oposicións.

Punto 3. Pregúntase á Xerencia polo motivo do cambio da nova reestruturación do SAI cando foi o cambio de Coordinador do servizo. A xerencia comenta que hai un expediente aberto de acoso laboral.

Punto 4. Pregúntase á Xerencia pola decisión ao respecto da xubilación de Manuel Ríos Barbeito xa que a Xerente se comprometera a realizar a consulta coa asesoría xurídica. A Xerente indica que o recollido no Convenio Colectivo explicita claramente que non á lugar á reclamación. Calquera cambio no sentido de ter en conta o tempo traballado antes da integración do INEF deberá ser contemplado no vindeiro Convenio Colectivo. Queda pendente de modificar este apartado cando se negocie o convenio colectivo.

Punto 5. Pregúntase á Xerencia polo informe do Edificio Xoana Capdevielle con respecto a seguridade do edificio. A Xerencia aclara que hai un informe do Arquitecto de UDC así como dun Arquitecto externo aclarando que non hai risco para as persoas. O Comité de Empresa comproba que o informe aclara que non hai ningún risco para os usuarios do edificio.

Sen máis temas que tratar remata a reunión ás 14:00.

Comité de Empresa